

Orgullo barbanzano

Aurora Marco
 Catedrática de Lingua e Literatura Galega e investigadora

En loita continua por desenterrar o pasado

Galicia e as súas mulleres son os campos de traballo predilectos da mestra namorada de Miñortos

M. X. BLANCO
 XESERA / LA VOZ

Hai persoas que deiban unha fonda pegada e mesmo son quen de marcar o futuro daqueles que se atravesan no seu camiño. No caso de Aurora Marco, ese decíolo ser foi Ricardo Carballo Calero. O filólogo, mestre e escritor levouna a seguir os seus pasos e mesmo a sentir un amor cara a Galicia e o galego que nun principio podía antolarse difícil. No seu empeño por desenterrar a cultura desta comunidade, esta barbancesa de adopción atopou o que é o seu segundo gran eido de estudos a muller.

A historia desta profesora, investigadora e ensaísta comeza a escribirse lonxe de Galicia. Como mestra que era, a súa nai tocoulle percorrer boa parte da xeografía española e tivo a Aurora Marco ao longo da súa estancia en No-guerra de Albarraín (Teruel). Pódese dicir que tivo o seu primeiro contacto co galego aos 9 anos, cando a familia se trasladou a unha aldea de Ordes. Aquel descubrimento, da man das compañeiras de colexio e da avoa, foi coma unha semente que xermolou cando Carballo Calero lle propuxo traballar con el.

Aurora Marco cambiou o seu futuro en Francia, para onde solicitara o doutorado cando estaba a piques de rematar Filosofía e Letras, por unha vida entregada a Galicia: «Nunca lamentei aquela decisión. De Carballo Calero aprendín a traballar, a valorar o noso, pero tamén me amosou a súa ética e a súa estética, o seu saber estar. Da súa man empecei a investigar».



Aurora Marco no peirao do Son, municipio ao que acode cada vez con máis frecuencia. CAMELA QUEIROGA

Galardóns. O premio extraordinario de licenciatura, no ano 1970, abriu o camiño para as distincións que foron chegando despois: Tomás Barros de Investigación Teatral (1990), Anxel Fole (1992), Mestre Mateo (2011), Luis Tilve (2012), Sereio de Barbanza (2013) e Mulleres en Acción (2015).

segurará a tese, *A lingua nas novelas de López Ferrín*. E así ata máis de vinte libros e un cento de artigos publicados en revistas especializadas.

Da man de Carballo Calero, Aurora Marco tamén desenvolveu a súa vocación de mestra, primeiro na Facultade de Filosofía e despois na de Ciencias da

Educación, onde estivo nada menos que 44 anos impartindo Lingua e Literatura Galega. Estreitamente vinculadas a este eido están boa parte dos ensaios e biografías —entre elas, a de Antón Avilés de Taramancas— aos que lle deu forma a investigadora que, aínda que reside en Compostela, ten en Barbanza a súa segunda

casa, concretamente en Miñortos: «Adoro a serenidade, a paz e a calma que sinto aquí, onde son feliz e me sinto realizada».

Meigullada na historia dos galegos ilustres, Aurora Marco descubriu o importante papel que xogaron as mulleres e soubo que tiña que desenterrar. «Cando empecei con Carballo e me fa-



RECORDOS

Descubriu Barbanza no ano 1963, cando pasou unhas vacacións na casa dunha amiga. Desde entón, nunca volveu a separarse desta comarca. Nesta imaxe, do 67, Aurora Marco está na zona do Tárabe.

lida de realizar traballos sobre distintas cuestións, sempre me gustaba investigar máis sobre de linguas e feminización, e que estaba oculto e no foi o que me levou a falar das mulleres», explica.

Aí aparecen obras como o *Dicionario de mulleres galegas, do ano 2007* e *As silenciosas*, un libro que inaugura un documental que en 2011 foi merecedor dos *Mestres Mateos*. Das palabras de Aurora Marco: «Desde debuxar o interese que me sobra esta temática: «As mulleres sempre as grandes esquecidas, esquecidas discriminadas máis o que se fa-za por iso penso que era fundamental saber delas». Espereí pobos que se dedicaron á educación, continúan pelexo escritoras e quizas até agora despois a todo o colectivo». «Vivir que era un mundo non sacar á luz as mulleres, de siñde illadas e mulleres as profesoras de diferentes obxectos».

Presente e futuro

Elas é a última obra da investigadora. Nesta recopila as biografías de 400 mulleres, desde escritoras e artistas ata realistas, obreras e pacíficas. Nesta lixeira, Aurora Marco percorre Galicia con este libro, que se presenta nunha cunha exposición de oito pinturas, ao tempo que acadaría un pasaporte de María Varela, marquesa do Castelo de Soutomaior que evolucionou cara o socialismo, e trata de rematar a biografía de Xoselinda Dorado, unha catalá obrera da madeira que viviu estalada durante moitos anos.

Para un futuro que espera próximo deixa a ampliación da biografía de Carballo Calero, cuxa primeira parte, *Fonda e ramal*, foi valorada co premio Anxel Fole. E seguirá, sen dúbida, rematando no pasado de Galicia e das súas mulleres, pasando que o día teña 10 horas para desenterrar historias que seguen a estar inmanentemente silenciadas.